



Cándido Rosendo Calvar, concelleiro do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 24/02/10:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As obras da N-554 están repercutindo directamente no deterioro dos accesos aos viais municipais que transcorren polos barrios do concello. Hai lugares onde se están abrindo zanxas que posteriormente non se repoñen de maneira óptima, o que supón un deterioro do vial e danos para os veciños e veciñas que os utilizan a diario.

Isto ocorre na subida á Pousada, na recta de Simosa, onde foi aberta a estrada xa fai cinco meses e aínda non se repuxo. Da mesma maneira, ocorre na subida ao Carballal e Campo de Fútbol de San Adrián.

O Concello debe facer un seguemento das obras para velar polo bo estado dos seus viais e, por tanto, acondicionar ou esixir á empresa responsable das obras da N-554 a que deixe no mesmo ou mello estado estes accesos.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro. O Concello de Vilaboa acometerá o acondicionamento, ou instará á empresa licitada, da subida á Pousada e da subida ao Carballal e todas aqueles viais onde se produza o mesmo problema.

Vilaboa, 24 de febreiro de 2010.

Cándido Rosendo Calvar

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA